

Praza número: 25/1066

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Linguaxes e Sistemas Informáticos

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Centro: Facultade de Informática

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En xuntanza telemática, ás 10:00 horas do 23 de decembro de 2025, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incurso en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Rodríguez Yáñez, Santiago

Secretaría: Saavedra Places, María de los Ángeles

Vogalía: Fariña Martínez, Antonio

Rep. Trab. (s/voto): Castro Souto, Laura Milagros

En xuntanza telemática, a 23 de decembro de 2025

A presidencia da comisión

Praza número: 25/1066

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Linguaxes e Sistemas Informáticos

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Centro: Facultade de Informática

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial, Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Non se considerarán publicacións sen ISBN. A valoración terá en conta a posición da editorial no índice de referencia SPI (<https://spi.csic.es>).

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: A valoración terá en conta o número de participantes no proxecto docente e/ou no grupo de innovación docente.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: A valoración terá en conta a duración e carácter internacional da estadía.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos).

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos).

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro).

Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: As publicacións recollidas en bases de datos de referencia, nomeadamente Web of Science (WoS) ou Scopus, recibirán un coeficiente multiplicador dependente do seu índice de impacto, de acordo coa seguinte relación:

- Índice de impacto Q1: 1
- Índice de impacto Q2: 0.75
- Índice de impacto Q3-Q4: 0.5

O resto de publicacións recibirán un coeficiente multiplicador de 0.25.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Non se considerarán publicacións sen ISBN. A valoración terá en conta a posición da editorial no índice de referencia SPI (<https://spi.csic.es>).

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: As contribucións recollidas en listas de referencia, nomeadamente ICORE, CORE ou GGS, recibirán unha puntuación de acordo coa seguinte relación:

- A+ ou A*: 2,5 puntos
- A: 2 puntos
- B: 1,5 puntos
- C: 1 punto

O resto de contribucións recibirán 0.5 puntos.

III.2 Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado.